



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: DELEGACIÓN DE PRESIDENCIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

FEITOS

O 15.06.2019 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene que xurdiu das eleccións municipais do 26.05.2019.

O 01 e 02.07.2019 ditei as Resolucións da Alcaldía 673/2019 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, 678/2019 de nomeamento de Tenentes de Alcalde e 685/2019 de creación de áreas de goberno.

O 11.07.2019 o Concello Pleno, na súa sesión extraordinaria, acordou a creación, composición e periodicidade das seguintes Comisións Informativas permanentes:

- I Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio
- II Comisión Informativa de Organización e Seguridade
- III Comisión Informativa de Dinaminación Social e Transparencia
- IV Comisión Informativa de Dinamización Económica

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) e o artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) establecen as competencias do alcalde que poden ser obxecto de delegación.

O artigo 47 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Fene sinala que: "O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Fene é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación."

Logo de ver todo canto antecede, RESOLVO:

1. Delegarlles a presidencia efectiva das seguintes Comisións Informativas Permanentes do Concello de Fene aos seguintes tenentes de alcalde:

-Ao concelleiro Juan José Franco Casal, a presidencia da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial.

-Á concelleira Rocío A. Bértoa Punte, a presidencia da Comisión Informativa de Dinamización Económica.

-Ao concelleiro Andrés Serantes Painceiras, a presidencia da Comisión Informativa de Organización e Seguridade.

- Á concelleira Tamara Miragaya López, a presidencia da Comisión Informativa de Dinaminación Social e Transparencia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G

(FECHA: 15/07/2019 09:51:00)

Estefanía Manteiga Lamas

(FECHA: 12/07/2019 13:27:00)

FIRMADO POR Gumerindo Pedro Galego Feal (FECHA: 12/07/2019 13:27:00) - Fecha de decreto: 12/07/2019

Decreto Nº: 714/2019 - Fecha de decreto: 12/07/2019
Versión imprimible

CVD: Q6wLxDbccccIUUdxVvRlv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



2. Estas delegacións fanse sen prexuízo de que a Alcaldía poida avocar, en calquera momento, a dita presidencia e de que poida exercer a presidencia no caso da ausencia da presidenta ou presidente delegada/o.
3. Notificarlle esta resolución aos interesados, indicándolles que, segundo o artigo 114 ROF, esta delegación entenderase aceptada tacitamente se no termo de 3 días hábiles a contar dende a notificación deste acordo non fan manifestación expresa ante o órgano delegante (o alcalde) de que non acepta a devandita delegación.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes dende que reciba a notificación, ante mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Directamente ante vía xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data de notificación se fose expreso; se fose presunto, o prazo será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Sen prexuízo de que o interesado, poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Este recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

4. Darlle conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se realice.

C.I.F.: P-1503600 -G

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.